

Código do documento	Código do expediente
<b>UDP151005W</b>	<b>UDP/2021/17</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 5V3G 723O 4H62 3A1C 0XXT	

CFP

## RESOLUCIÓN

Visto o informe do xefe de servizo de deportes e participación cidadá (UDP151005V), que literalmente di :

“As Bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para a reactivación do tecido asociativo e para atender as necesidades xurdidas como consecuencia da crise sanitaria provocada pola COVID-19, que se publicaron no BOP da Coruña de 31 de agosto de 2021 con núm. 165, dín:

“Base 9.-PROCESO DE INSTRUCCIÓN E AVALIACIÓN

9.1.- Será o órgano de instrución o funcionario Xefe do Servizo de Participación Cidadá, ou no seu defecto, un/unha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 designado/a pola concelleira titular da Área de Participación cidadá, educación e medio rural.

9.2.- A persoa designada como instrutora, de observar defectos na documentación presentada realizará un requirimento para que no prazo improrrogable de 10 días os posibles beneficiarios emenden erros ou omisións, con indicación que, de non facelo nese prazo, daranse por desistidos da súa petición (o crédito asignado ás ditas solicitudes, destinarase ás seguintes dentro do seu grupo de referencia).

9.3.- No caso de efectuarse un requirimento, entenderase por rexistro de entrada da solicitude presentada a data en que dito requirimento estivese correctamente atendido.

9.4.- Mesa de Avaliación

9.4.1 As solicitudes de subvención presentadas serán examinadas por unha Mesa de Avaliación nomeada pola concelleira de Participación Cidadá estará composta polos seguintes membros: Presidente/a: Un/ha funcionario/a de carreira municipal pertencente ao subgrupo A1 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria.

Vogais: Dous/Dúas técnicos/as municipais pertencentes ao subgrupo A1/A2 e adscritos/as ao Servizo responsable da convocatoria.

Secretaria/o: Un/ha funcionario/a de carreira pertencente ao subgrupo A1, A2, C1 ou C2 e adscrito/a ao Servizo responsable da convocatoria. No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a Mesa de Avaliación, será substituída pola persoa funcionaria designada pola concelleira titular da Área de Participación Cidadá.

9.4.2 A Mesa de Avaliación, a través do órgano instrutor, poderá requirir ás persoas solicitantes de subvención, a información ou documentación adicional aclaratoria que, non estando en poder da administración municipal, teña fundamental relevancia e relación directa para unha mellor valoración das solicitudes”

Por isto, é necesario que propoña para tal fin o nomeamento dos funcionarios/as para contituir a Mesa de Avaliación.”

En base a todo isto .

Código do documento	Código do expediente
<b>UDP15I005W</b>	<b>UDP/2021/17</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
5V3G 7230 4H62 3A1C 0XXT	

RESOLVO :

PRIMEIRO.- Nomear as persoas que de seguido se citan como membros da Mesa de Avaliación.

Instrutor : Don Carlos Fernández Puyol

Presidente/a : Don. Carlos Pereira Martínez

suplente : Dona Carmen Veira Baldomir

Vogai 1 : Dona Mónica López Andrade

suplente : Don Alexandre Marín Oliva

Vogai 2 : Don Jesús López Agra

suplente : Dona Karina Díaz Arluna

Secretario /a : Dona María Esther Felipe Pérez

suplente : Don Juan Carlos García Rey

SEGUNDO.- Publicar esta resolución no Boletín da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións , así como a efectos informativos na web oficial.

En Culleredo, á data da firma dixital

A proposta de

O/A xefe de servizo de

Deportes e participación cidadá

Conforme coa proposta, elévase a resolución

A Concelleira de Participación Cidadá, Educación e Medio Rural

*P.D. (Resolución do 16/12/2020)*

*BOP núm. 225 de 31/12/2020)*

Dou fe

A secretaria xeral